

## 3º ESO- IES MURALLA ROMANA

---

CARTA.....

Se estás buscando unha amiga  
alguén en quen confiar  
a quen contarlle as túas penas  
en min a podes atopar.

Pensa que son coma ti  
tamén teño os meus problemas.  
Tamén me gustan os atardeceres  
e as tardes de leceres.

Eu sei como te sentes  
gustaríache chorar  
pero o mundo non se acaba  
teste que acostumar.

**Carla Gómez 3º ESO-A**

Teño ganas de vir  
teño ganas de vir  
teño ganas de escribir  
un poema feliz

Escribo e escribo moito  
e as palabras atopo  
as veces riman  
as veces non

Cando leo o poema  
ás veces de pena  
outras volvo a rir  
e continuo a escribir

**Carlota Arias 3º ESO-A**

Cunha brisa  
que nos acompañaba,  
baixo a lúa chea  
ti e eu pasamos a noite,  
mirándonos aos ollos  
fixamente un ao outro,  
fómonos arrimando pouco  
a pouco, xa estabamos  
pegados e...  
Souo o espectador.

**Duarte Díaz 3º ESO-A**

Cando eu fun a Lugo  
no Anxo Carro  
vin a un xogador peculiar  
dixen con descaro:  
- Que ben que xoga este raparigo  
facía o céspede temblar  
  
Eu como bo espectador  
no meu club quería ter  
no meu equipo non o quería perder  
en realidade a súa paixón  
era ser poeta con decisión  
  
En cada entreno  
e come un apio  
el facía un pleno  
e compoñía como Afonso X  
  
en realidade era un neno da rúa  
e o seu pai traballa noite e día

**Abdesamad Aksasse 3º A-ESO**

## **O DERRADEIRO CAFÉ**

Todos os días Lidia ía a unha cafetería na que sempre tiña o costume de tomar café do cal acababa deixando a metade polas présas de chegar a tempo ao seu traballo. Un mozo que se encargaba de atendela no local, comezou a facer boas faragullas con ela. Tiñan moitas cousas en común e non tardaron moito en facerse bos amigos. Un día ela deixou de ir, e así pasaron anos e anos sen saberse nada dela. Apareceu no local despois de tanto tempo, que xa era unha anciá. Ao verse despois de tanto tempo non lograron conter as bágoas ao principio. Déronse unha aperta e comezaron a falar sobre o que lles acontecera durante todos eses anos. O ancián decidiu prepararlle unha taza de café, coa excusa de lembrar bos tempos. Preparoullo tal e como a ela lle gustaba e serviullo. Lidia, cun sorriso, colleuno e unha vez rematado fixouse que no fondo da taza poñía a frase: “Queres casar comigo?” A anciá, sorprendida, preguntalle: “Que é isto?” El contesta: “Levo dende o día que te coñecín agardando que remataras o café para dicirche o moito que te amo..”

**Mencía Rego 3º ESO-A**

## **UNHA BROMA PESADA**

Estabamos nunha expedición marítima nun submariño. Os meus compañeiros e eu estabamos disfrutando da viaxe ás profundidades do mar ,xa que era todo realmente fermoso. Alédome de ter chegado aquí cos meus propios méritos. Dende cativo sempre desexara adicarme ao submarinismo e ao estudo do fondo mariño. Os distintos tipos de peixes, plantas,algas... É agradable ter xente tan amábel a bordo ,posto que pasarei bastante tempo con eles. Todo estaba tranquilo ata que un día, un dos meus compañeiros comezou a berrar de noite. Xuntámonos rapidamente onde el sen entender a causa da súa inqueda. Despois de tranquilizarse, conseguiu falar, pero non sabiamos que o que tiña que dicir nos ía a causar un nó na gorxa.. El dixo: “ Vin a unha nena alí fóra” Iso deixounos a todos atónitos, algúns non o que se comprenderon o que se refería. Pensaban que fora un soño, e dicían que todo era causa do cansazo e a presión. Eu quedei inmóbil sen saber reaccionar ata que un deles decidiu mirar por unha ventá do submariño e así comezaron a vomitar un tras outro tras contemplar tal escena. Eu sen saber moi ben que facer, non puiden evitar xirar tamén a cabeza para observar a cativa. Resultou ser todo unha broma dos meus compañeiros, tiraran unha boneca á auga e estiverana arrastrando coa intención de gastarme unha broma; Os mesmos que unha vez chamara agradables. Retírooo!!!, penso que xa me vou arrependindo de ser submarinista.

**Mencía Rego 3º ESO-A**

## A acampada perdida

Tres anos atrás, unha familia que levaba unha vida totalmente cotiá decidiu saír da rutina e levar os seus 3 fillos de 14, 8 e 6 anos nunha viaxe.

O plan era coller o coche e conducir ata un gran bosque no que acamparían para pasar a noite e así á mañá seguinte poder realizar diversas actividades todos xuntos rodeados da natureza e nunha contorna fóra do habitual.

A viaxe transcorría como era de esperar, todos cantando no coche felices e emocionados pola aventura que lles esperaba pero equivocábanse. O seu coche foi atopado xunto á entrada do bosque meses despois da desaparición da familia, este estaba en perfecto estado con toda a súa equipaxe no interior. Foron buscados por todos os sitios imaxinables e a búsca aínda segue pero ninguén sabe o que pasou, ninguén sabe que foi deles, só son lembrados como unha historia de terror da cal hai unha infinidade de conclusións pero ningunha resposta.

**Nerea González Iglesias 3º**

**ESO\_A**

### **Armas que non serviron para loitar**

Comecei nunha loita,  
xa fai diso moitos anos.  
Magoeime, mais loitei.  
Pasei frío, fame, sono...  
Custabame loitar  
pois as armas non servían  
Pelexaba cunha pantasma?  
Atormentábame noite e día.

Chegaran novos días  
neles non supen loitar.  
As miñas feridas...  
non había remedio para as curar.  
Non entendín o que facía.  
Contra quen ía loitar?  
Miñas armas non servían?  
As miñas feridas...  
quen as ía curar?

Mais un día volví da loita,  
cheguei ao meu “tranquilo” fogar.  
E entendín que a miña guerra non era física,  
senon mental.

**Sara Pico 3º ESO-A**

## **Estrelas pintadas de negro en 1986**

Os últimos anos da miña vida estiveron cubertos por un fume que os facía xordos e cegos. “Soñar é gratuíto” dicíanlle os médicos a miña nai. Que aprendera a vivir sen unha parte súa, que aprendera a ver cun só ollo, a traballar cunha soa man e a camiñar cunha soa perna. A empatía quedara moi lonxe no camiño e fora a axuda mais importante que tivera, volver a buscala sería perder o tempo, o destino estaba fixado igual. Xa sabemos que o apoio e a positividade é algo moi importante cando agardas con inqueda un final coñecido, un camiño longo que se acurtaba cada segundo ao igual que o reloxo chegaba ás doce con rapidez. Sinto como ás miñas defensas soben e baixan co tratamento, mentres penso en como un catarro pode converterme nunha estrela dun día para outro, mentres escoito a miña nai dende o cristal chorar mirando como aquel ser que con tanta delicadeza criou se desvanece pouco a pouco, pero rápido, rapidamente. Máis rápido do que os ollos poden pestanexar e o corazón latir. Así me dicía con voz suave, apeada e entrecortada Sandra mentres miraba ás horas pasar, sentía o seu corpo loitando e o seu corazón palpar a sabendas de estar ante unha guerra perdida, unha loita imposible... Nas noites choraba, non o facía pola súa vida, facíao pola súa nai e iso empeoraba todo. Pasou de telo todo a telo todo colgando dun fío. E iso por un ser inestable que a obrigou e a contaxiou. Ágora só podo facer por ela o que sempre me pedía, contar a súa historia, contar como a súa estrela foi pintada de negro e como pasamos de ser inseparables a ser descoñecidas. Eu seguía camiñando e ela quedárase perdida.

**Sara Pico 3º ESO-A**

## **Voltarán aqueles tempos de troula**

E vivir a experiencia ata que chegue o solpor  
Rapaces e rapazas na rúa  
Agardando aqueles meses de calor  
Ninguén lamentará e penumbra

**Zaida Recioy 3º ESO-A**

Antigamente todos pensabamos  
Nun mundo futuro de paz  
Onde a loita  
Sempre fose posta en dúbida  
Agora xa non sabemos  
Vivir nin en comunidade  
Importa máis o meu có noso  
Diante de todos o beneficio propio  
Aínda hoxe pensamos  
Loitar para conseguir  
Igualdade  
Busca  
Respecto  
E obter a paz

**Alexandre Fraga Sal 4º ESO-A**

### **COINCIDENCIAS DO DESTINO**

- Vamos, apura ! - díxenlle en voz alta para que non se quedara atrás.

Continuamos correndo ata chegar ao final da rúa. Alí, non tivemos máis opción que saltar o valo e continuar sen mirar atrás. Non sabiamos que facer. Serían as últimas horas da nosa vida? Nese momento o único que me consolaba era o feito de que Álvaro sería a última persoa que vería. Álvaro e máis eu coñecerámonos no traballo. El era o inspector xefe da Unidade de Droga e Crime Organizado en Galicia; e eu acababa de rematar o máster. Grazas a un coñecido da miña nai puidera conseguir o meu primeiro posto de traballo nesa unidade. Xuntos traballamos día a día e acadamos grandes resultados. Pouco a pouco foron aflorando sentimentos que xamais sentira antes. A verdade é que non me arrepinto de nada. A pesar da situación na que me atopo, aceptar ese traballo foi a mellor decisión da miña vida.

-Xiana, grazas por todo. Grazas por estes dous anos. Sen dúbida coñecerte foi o mellor que me pasou. Quérote! - murmuroume Álvaro mentres me abrazaba.

Eu nun puiden conter as bágoas.

-Ai Álvaro! Nunca me imaxinei que estaríamos nesta situación. Despois de tantas e tantas operacións... Por que? Tiñámolo todo perfectamente organizado. Non o entendo.

-Tranquila Xiana. Ninguén podía saber isto. Pero agora non podemos lamentarnos. Só podemos e debemos aproveitar ata o último segundo. A vida é unha caixa de sorpresas. O futuro é imprevisible e o destino... Que podo dicir do destino? Se te das conta aquí foi onde nos bicamos por primeira vez. Quen nos ía dicir que o principio e o fin teñen o mesmo comezo?

Eran as 22:43 e atopámonos sen saída. Só nos quedaba unha opción. Saltar. Saltar sabendo o que ocorrería. Saltar sabendo o final. Un final definitivo. Aínda así, quedounos un último alento para pronunciar as nosas derradeira palabras:

- Quérote Xiana!
- Quérote Álvaro !

**Jennifer Fernández Fariñas 4º ESO-A**

### **A señora árbore**

Atopábanse uns nenos duns doce anos camiñando pola estrada, cando de súpeto, viron algo estraño nunha árbore.

Acercáronse para ver o que era e sorprendéronse bastante co que pasaba. Había un home dentro da árbore!

Os nenos achegáronse con precaución a saudar o home.

--Ola señor, está ben?—preguntoulle un rapaz chamado Nico

O señor contoulles toda a súa historia e quedaron abraiados.

Viña escapando de Franco, xa que era republicano.

A partir dese día, toda a xente da vila leváballe a comida e converteuse nunha lenda da vila.

**Sara Gómez 4º ESO-A**

Hoxe vouvos contar como encontramos un tesouro, o meu curmán e mais eu ,un día decidimos saír a dar un paseo pola Coruña ,fomos por un camiño que nunca tiñamos ido, entón encontramos un mapa que dicía :”se queres atoparme ,deberás buscarme” .Entón empezamos a buscar onde se atopaba a montaña ,estaba preto do mar así que entramos para dentro ,cando entramos había dous camiños, decidimos ir polo esquerdo onde había diferentes probas que tiñamos que facer se queriamos o tesouro .Despois de facer a ultima proba caemos dento dun túnel , e levounos a un cuarto onde estaba o tesouro , pero de repente empecei a escoitar auga e era porque a marea subira e a auga empezou a entrar naquel lugar así que escapamos. Cando saímos decatámonos que non tiñamos collido nada.

**Nabil el Achab 4º B-ESO**